

ETERNA

Juanma Sayalonga, David Sainz, 2022

1106

ESTREA EN NUMAX: 08.05.2023 | V.O. | +7 | 99 min

Documental sobre a vida e obra da rapeira Gata Cattana, que aborda os aspectos máis fundamentais da vida de Ana Isabel García Llorente (Gata Cattana) e as súas inquietudes humanas e artísticas a través da súa familia, amizades, personalidades da cultura como Juancho Marqués, Alejandra Martínez de Miguel, Sara Socas, Frank T ou Mala Rodríguez, entre outros, ou os compañeiros cos que medrou nos escenarios como o DJ Carlos Esteso ou o rapeiro Aenege.



Lerte, Gata

Por Juancho Marqués

Lerte é o máis parecido a observar a auga en alta mar. De superficie visible e de fondo abismal. As túas follas fálanme dunha viaxe de ida e volta infinita. De entender o apreciable e o imperceptible como dous atributos complementarios. De buscar a verdade na suma das perspectivas e a totalidade das súas negacións. De antepoñer a comprensión do absoluto á exposición da porción. De nunca unha única ollada, de renegar das certezas. Do efémero e o interminable convivindo nun tempo e espazo, en ocasións ata compartindo piso. De partir con interrogantes desde o sinxelo ata o complexo, e ao final retornar para buscar as respostas no punto inicial.

Coñecinte entre o individualismo da cidade, apareciches sobre o cemento con sementes entre as mans, como pretendendo enraizar a todos os deshumanizados na túa propia quimera. Quizais só os que soñan, xerminan.

Nada foi en vano. Nada o é. Desencontros e soidades, moitas. Luces e sendas, centos. Houbo momentos e momentos. Disto último uns cantos compartimos.

E sempre ao final, nas profundidades, falabas de volver, das vellas do campo, do cheiro a café e as súas charlas. No invisible, de Adamuz e Granada. Do colchón no salón e das vellas amizades. Nos abismos, dos ritos e o folclore, do cotián. Da cultura na que nalgún punto te perdiches e no outro te encontraches. No fondo, de ti mesma. En esencia, de todas partes.

Sempre dividida. Coa contradición como condición exclusiva do corpo que se pregunta, das fibras do músculo que descansa sobre o esqueleto. A carga que soportan os ósos de quen vive en busca. Dual como a vida e a morte, porque ao final (e ao principio) unha non existe sen a outra. Condición *sine qua non*.

Lerte é navegar sobre o activo e o sedante, o “café e o opio”, o descanso e a rebeldía. Tocar a terra sen desprenderse da fatiga da viaxe, oscilar entre a fragilidade da infancia e o cansazo da idade adulta, e mirar desde a beira sentado. Ás veces unha ondada desesperanzadora, onde o peso da contorna marca o devir das persoas e magnetizan todo compás. Cando en calma, en cambio, se albisca unha fe latente que non disputa co ateísmo, que lidera a contra corrente, que intúe o político da arte, que se pensa de forma incorpórea e que transcende ao seu tempo. En último termo, humanismo na maioría das súas definicións, e o anhelos de transformar o outro. De aprender das pequenas cousas, de renegar dos altivos. Debullar cada anaco do suposto, fuxir das imposicións. Todo con aires reivindicativos e coa cama sen facer.

«Con los pelos revueltos [...] con la mirada esquiva frente a esa masa que tiene pinta de pedir explicaciones».

Así te imaxino. E lerte é o máis parecido a flotar na insaciable sede de entender as cousas. Nadar sobre as casualidades e afogarte cos dogmatismos. Xurar bandeira sobre un folio en branco, nas túas propias palabras.

Prólogo traducido de Cattana, G. (2020). *No vine a ser carne*. Aguilar.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

No vine a ser carne,
Gata Cattana.
Aguilar, 2020

La escala de Mohs,
Gata Cattana.
Aguilar, 2019